

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIII



25 de Xulio do 1929



Núm. 263

## AO DECORREL-OS DIAS

*Unha vegada mais, o tempo, no seu andar, hoxe tan monótono, pounos diante d'un novo Día de Galicia. Un Día de Galicia que pol-as circunstancias haberá de ser dino irmán dos próximos derradeiros. A outa siñificación da data transcurrirá sin manifestación pública, sin a facultade de expoñerse leda e espida ante os ollos dos galegos que aínda non quixeron ou non souperon decatarse do valor espiritual e xurdio do día de hoxe, nin de todol-os días cando de galeguismo se trata.*

*Mais en fin: deixemos hoxe voar como libre paxaro o noso pensamento, hasta poder impedil-o non chega o poder dos homes, e pensando na Terra e no futuro reafirmemos a fé e vontade no credo que inspira a nosa actuación. Que todol-os irmáns no día de hoxe sintan no seu corazón afervorar a sublimidade da Santa Causa.*

*Permítese, como excepción, expoñer aos xornáds o seu parecer encol da nova constitución hespañola. ¿Precisamos nós decir que somos contrarios a ela? Dende o punto de vista xeneral non podemos admitir, unha Constitución feita sin a menor intervención da opinión pública. Todol-os socios de calqueira sociedade teñen facultade para acordar o seu regramento. Os socios da sociedade chamada Estado hespañol non podemos usar d'ese dereito que ademais teñen todol-os países do mundo. Pol-as nosas conviccións liberais e democráticas non podemos estar conformes co espírito retrógrado e ausolutista do proieito.*



ESTE NÚMERO FOI REVISADO POL-A CENSURA

